

# Normas para a presentación dos traballos fin de grao (TFG) en versión dixital

O traballo fin de grao (TFG) en versión dixital corresponderase fidedignamente coa copia entregada en papel.

## SopORTE, identificación e formato

O soporte/documento estará identificado con letra de imprenta. Os datos que deben constar, como mínimo, son: autor / título do TFG / director ou titor / ano.

Os documentos presentaranse en formato PDF/A ou outros formatos abertos. Os arquivos PDF poderán incluír ligazóns de hipertexto e información multimedia.

Os arquivos PDF non estarán protexidos.

Empregaranse tantos arquivos como foren necesarios.

## Nome dos arquivos que conteñen o documento principal

Sexa, por exemplo, o TFG defendido en 2011 por José Manuel Pérez López.

Se o documento principal do TFG en formato electrónico constara dun só arquivo, este chamarase:

PerezLopez\_JoseManuel\_TFG\_2011.pdf

En cambio, se o documento principal do TFG en formato electrónico estiver formado por tres arquivos, estes chamaranse:

PerezLopez\_JoseManuel\_TFG\_2011\_01de3.pdf

PerezLopez\_JoseManuel\_TFG\_2011\_02de3.pdf

PerezLopez\_JoseManuel\_TFG\_2011\_03de3.pdf

**Non deben utilizarse nin espazos nin acentos nin o ñ no nome dos arquivos, co fin de asegurar a compatibilidade con todos os navegadores.**

## Outros arquivos

Poderán achegar arquivos doutros tipos (imaxes, programas de ordenador, información multimedia etc.) en formatos coñecidos (TIFF, JPG, MPG, MP...)

Nese caso, e para favorecer a súa identificación, o nome dos arquivos adicionais seguirá unha pauta similar á dos que conteñen o documento principal. Por exemplo, o arquivo que contén un vídeo en formato MPG (o cuarto dun total de sete) na tese de José Manuel Pérez López podería chamarse:

PerezLopez\_JoseManuel\_TFG\_2005\_Video\_4de7.mpg

O autor poderá indicar o tipo de arquivo que envía e a extensión propia deste arquivo, pero cando son varios arquivos a numeración mantense a do conxunto:

PerezLopez\_JoseManuel\_TFG\_2005\_01de4.pdf

PerezLopez\_JoseManuel\_TFG\_2005\_02de4.pdf

PerezLopez\_JoseManuel\_TFG\_2005\_03de4.pdf

PerezLopez\_JoseManuel\_TFG\_2005\_Video\_04de4.mpg

Poderán definir hipervínculos para acceder a estes contidos desde os arquivos PDF que forman o documento principal do traballo fin de grao.